



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 21 DE DECEMBRO DE 2010.

ALCALDE:

D. Mariano Iglesias Castro PSdeG – PSOE

CONCELLEIRO/AS:

D. Gervasio Sánchez Barreiro. PSdeG – PSOE

D. José Fernando García Lesta PSdeG – PSOE

D^a Pilar Sánchez Ulloa. PSdeG – PSOE

D. José Ángel Sánchez Sánchez. PSdeG – PSOE

D. Antonio Quindimil García. PSdeG – PSOE

D. Severino Álvarez Monteserín. PP

D^a María José Quindimil Suárez. PP

D. Adolfo Grobas Vázquez PP

D. Pedro M. Pedreira Candal. BNG

D. Manoel Bello Salvado. BNG

SECRETARIO :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 21 de decembro de 2010, sendo as oito horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2011.

Abre a sesión o Sr. Alcalde, dando conta da proposta ó Pleno, que, de seguido, se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA Ó CONCELLO PLENO. APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2011.

Visto o Proxecto dos Orzamentos Xerais do Concello para o exercicio económico 2011 formado por esta Alcaldía, de acordo co disposto no artigo 162 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia co artigo 18 do Real Decreto 500/1990, informado pola Secretaría – Intervención deste Concello e cos documentos os que fai referencia o artigo 166 do Texto Refundido.

O Presidente da Corporación propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar inicialmente, de conformidade co establecido no artigo 112 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no artigo 168 do texto refundido, o Orzamento Xeral do concello de Mesía para o exercicio 2011, as súas Bases de Execución e demais documentos



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

obrantos no expediente, e que presenta, como resumo por capítulos orzamentarios, o desglose que, de seguido, se expón. Ademais apróbase inicialmente a plantilla de persoal correspondente o exercicio 2011.

ORZAMENTO XERAL ANO 2011.

ESTADO DE INGRESOS

A) INGRESOS, RESUMES POR CAPÍTULO		
1. OPERACIÓN CORRENTES		
CAPÍTULO I	IMPOSTOS DIRECTOS	292.000,00 €
CAPÍTULO II	IMPOSTOS INDIRECTOS	50.000,00 €
CAPÍTULO III	TAXAS E OUTROS INGRESOS	194.987,03 €
CAPÍTULO IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.212.101,94 €
CAPÍTULO V	INGRESOS PATRIMONIAIS	12.614,94 €
TOTAL OPERACIÓN CORRENTES		1.761.703,91 €
2. OPERACIÓN DE CAPITAL		
CAPÍTULO VI	ENAXENACIÓN INVESTIMENTOS REAIS	0,00 €
CAPÍTULO VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	463.017,35 €
CAPÍTULO VIII	ACTIVOS FINANCIEROS	2.000,00 €
CAPÍTULO IX	PASIVOS FINANCIEROS	0,00 €
TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL		465.017,35 €
TOTAL ORZAMENTO XERAL		2.226.721,26 €

ESTADO DE GASTOS

B) GASTOS, RESUMES POR CAPÍTULO		
1. OPERACIÓN CORRENTES		
CAPÍTULO I	GASTOS DE PERSONAL	949.717,44 €
CAPÍTULO II	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	660.552,84 €
CAPÍTULO III	GASTOS FINANCIEROS	3.722,53 €
CAPÍTULO IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	80.985,51 €
TOTAL OPERACIÓN CORRENTES		1.694.978,32 €
2. OPERACIÓN DE CAPITAL		
CAPÍTULO VI	INVESTIMENTOS REAIS	510.807,75 €
CAPÍTULO VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	- €
CAPÍTULO VIII	ACTIVOS FINANCIEROS	2.000,00 €
CAPÍTULO IX	PASIVOS FINANCIEROS	18.935,19 €
TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL		531.742,94 €
TOTAL ORZAMENTO XERAL		2.226.721,26 €



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Funcionarios	Nº de Prazas	Grupo	Escala o Sector	Nivel	Situación
Secretario- Interventor	1	A1/A2	HE	28	Propiedade
Administrativo	1	C1	A.Xeral	22	Propiedade
Administrativo	1	C1	A.Xeral	20	Propiedade
Aux. Administrativo	1	C2	A.Xeral	18	Vacante
Subalterno	1	E	A.Xeral	14	Propiedade

B) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Denominación	Nº de Prazas	Vacantes
Técnico especialista en redes	1	0
Peón-condutor	2	0
Asistente domiciliaria	1	0
Encargada da limpeza	1	0
Limpadora	2	0
Conserxe do colexio	1	0
Peón	4	0
Auxiliar axuda no fogar	20	3
Electricista	1	0
Monitor deportivo	1	0
Monitor tempo libre	1	0
Traballadora social	1	0
Educadora familiar	1	0
Auxiliar servizos sociais	2	0
Técnico de emprego	1	0
Animador deportivo	1	0
Socorristas	3	3
Técnico normalización lingüística	1	0

C) PERSOAL EVENTURAL

Denominación	Nº de Prazas	Vacantes
Persoal de confianza	1	1

Segundo. Expor o público o expediente e darlle a publicidade establecida no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publicando o pertinente anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, ós efectos de que no prazo dos quince días seguintes a súa publicación poidan examinalo os interesados e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro. O presente acordo entenderase aprobado definitivamente se durante o prazo de exposición ó público non se presentan reclamacións. Neste caso procederase a súa publicación, debidamente resumido por capítulos, no BOP. Se se presentasen reclamacións, serán resoltas polo Pleno

En Mesía, a 17 de decembro de 2010. O alcalde, Asdo. Mariano Iglesias Castro."

Manifesta o Sr. Alcalde que o noso grupo de goberno congratúlase de presentar en tempo e forma o orzamento xeral para o exercicio 2011, e coido que tanto técnica como



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

legalmente é indiscutible.. Debe salientarse que a remuneración dos cargos públicos rebáixase respecto do ano anterior tendo en conta a proposta da FEMP que xa se trouxo ó Pleno o pasado ano, así mesmo, destacar, en canto ós custos de persoal, que non se incrementa a masa salarial do persoal existente, salvo que este ano se presupostan a maiores sete auxiliares de axuda a domicilio para atender ás persoas dependentes, o que, por outra banda, é unha obriga legal do concello imposta pola lei de dependencia. En todo caso, o aforro xerado en materia de persoal aplicárase consonte se establece no decreto lei 8/2010, como xa se fixo este ano. Quero engadir tamén que a plantilla de persoal ascende a cincuenta e unha persoas, manténdose para o ano que ven o persoal adscrito ós servizos que hai este ano dous mil dez, polo que non se xeraron falsas expectativas para a xente que acadou o posto de traballo, e que ven cobrando as súas nóminas debidamente a fin de mes. Por outra banda, quero destacar a merma en canto a aportacións supramunicipais, salvo na subvención que loxicamente nos dan para axuda ás persoas dependentes. Baixan así mesmo os gastos financeiros debido á baixada de intereses e aumenta o gasto en bens correntes e servizos. Neste sentido, os ingresos correntes son suficientes para financiar o gasto corrente, como é preceptivo. Ademais do Anexo de Investimentos que se presenta debo sinalar tamén executáranse o vindeiro ano tres obras para as que nos concederon a subvención este ano, ascendendo o seu importe a sesenta e catro mil euros, e que se refiren a subministro de mobiliario para locais sociais, peche de campo de fútbol de Xanceda e acondicionamento de finca municipal. As inversións presupostadas son case todas ó cen por cen con aportación da deputación, polo que baixa tamén a aportación municipal á inversión. A estes efectos, destacar que para inversión non se recibiu nada da Xunta. A inversión pesupuestada refírese fundamentalmente a obras en parques públicos, acabar o saneamento en Xanceda, unha EDAR e unha canalización de pluviais, así como o mantemento de viais, e deixamos dúas partidas xenéricas por si fóramos quen de acadar algunha subvención e tivéramos que facer unha aportación municipal.

En resumo, este é un documento útil que vains permitir traballar, aínda que fagamos modificacións, como este ano, incorporando remanente de tesourería froito do aforro feito ó longo do exercicio. É un orzamento feito con austeridade e seriedade e de fondo calado social, no que un porcentaxe moi importante destínase ós sectores máis desfavorecidos, como son os nenos e os maiores, xa que preferimos unha sonrisa dun pequeno ou dun maior a un muro. En todo caso está feito con cariño para o noso pobo e, en definitiva, fixémoslo o mellor que o podíamos facer.

Paso agora a palabra ós voceiros dos grupos municipais para que manifesten o que lles pareza oportuno.

Toma a palabra o Sr. Pedreira, quen manifesta que o noso grupo congratúlase da data en que se trae ó Pleno o orzamento, antes do fin do ano, pero dado que trátase dun documento que sofre moitas variacións ó longo do exercicio, ímonos abster na votación esperando a ver cómo se desenrola o orzamento ó longo do ano.

Toma de seguido a palabra o Sr. Álvarez, quen manifesta que o orzamento é un documento que cada un faría a súa maneira, e formalmente non hai nada que obxetar, pero a



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

nós parécenos excesivo o gasto de persoal, xa que ascende a case un millón de euros nun concello como o noso, que ten tres mil habitantes, aunque unha parte esté destinado a gasto social. Nós non dudamos de que a xente cobre, pero a estabilidade vería dada por ter as prazas en propiedade, cosa que non ocorre. Polo antedito, o noso grupo vaise abster.

Resposta o Sr. Alcalde que son respetuoso coas apreciacións feitas por vostedes, e quero matizar que si o documento sofre modificacións, iso é algo que ven determinado pola dinámica da xestión ó longo do exercicio, e, por outra banda, salienta que eu veño de traballar na empresa pública e si algo se pode facer con medios propios, prefiro dar traballo a cincuenta e unha familias de xeito máis ou menos estable que exteriorizar os servizos, trátase dun concepto de administración, e teñan en conta que en todo caso hai moita xente da que non pode prescindirse porque, a día de hoxe, temos trinta e catro persoas dependentes ás que obrigatoriamente temos que prestar o servizo, sen ter en conta que ademáis hai trinta e dúas persoas ás que tamén se lles presta o servizo de axuda a domicilio.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación o asunto, co seguinte resultado: seis votos a favor dos concelleiros do grupo PSdeG-PSOE, e cinco abstencións, correspondentes ós concelleiros do PP e do BNG.

2. RECTIFICACIÓN DO ACORDO DO APROBACIÓN DO POS 2011.

O Sr. Alcalde da conta da proposta ó Pleno, que, de seguido, se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA Ó PLENO.

Visto o acordo adoptado polo Concello Pleno en sesión extraordinaria celebrada o día 19 de novembro de 2010 onde se procede no seu punto 1º a aprobación do POS 2011, de acordo co seguinte financiamento:

A) Realización de obras:

<i>Denominación da obra</i>	<i>Estado + Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>Presuposto total</i>
<i>CAMIÑO DO CRUCEIRO A MOU (CABRUI) E OUTROS</i>	62.602,18 €	3.130,11 €	65.732,29 €
<i>CAMIÑO EN SOBRADO (MESÍA) E OUTROS</i>	50.419,33 €	2.520,97 €	52.940,30 €
<i>SUBTOTAL OBRAS</i>	113.021,51 €	5.651,08 €	118.672,59 €

B) Financiamento de gastos correntes:

	<i>Deputación</i>
<i>Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes</i>	112.456,42 €

C) Resumo:

<i>Denominación da obra</i>	<i>Estado + Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>Presuposto total</i>
-----------------------------	----------------------------	-----------------	-------------------------



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

SUBTOTAL OBRAS	113.021,51 €	5.651,08 €	118.672,59 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	112.456,42 €	---	112.456,42 €
TOTAL	225.477,93 €	5.651,08 €	231.129,01 €

Tendo en conta que segundo o establecido na base 4 reguladora do citado Plan o concello deberá aportar un mínimo dun 5 % para o financiamento das obras a realizar, polo que as cantidades a aportar en cada unha das obras serían de 3.286,62 € e 2.647,02 €; e non 3.130,11 € e 2.520,97 €.

Resultando que a corrección na cantidade total de aportación municipal afecta tanto a asignación da Deputación Provincial para obras como para gastos correntes.

Ao abeiro do establecido no artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común,

Propoño ó Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.- Rectificar o erro aritmético debidamente acreditado nos antecedentes deste decreto, rectificando en consecuencia o apartado 1º do punto 1 da sesión plenaria de data 19 de novembro de 2010 que quedaría como segue:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Presuposto total
CAMIÑO DO CRUCEIRO A MOU (CABRUI) E OUTROS	62.445,67 €	3.286,62 €	65.732,29 €
CAMIÑO EN SOBRADO (MESÍA) E OUTROS	50.293,28 €	2.647,02 €	52.940,30 €
SUBTOTAL OBRAS	112.738,95 €	5.933,64 €	118.672,59 €

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2011 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	112.738,95 €

C) Resumo:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS	112.738,95 €	5.933,64 €	118.672,59 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	112.738,95 €	---	112.738,95 €
TOTAL	225.477,90 €	5.933,64 €	231.411,54 €

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo á Deputación Provincial da Coruña.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

En Mesía, a 17 de decembro de 2010. O alcalde, Asdo.: Mariano Iglesias Castro.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen manifesta que o que se trae nesta proposta é simplemente unha corrección do erro aritmético que se sinala na proposta e que se produxo ó calcular a porcentaxe de aportación municipal nos proxectos, e, xa que o acordo foi adoptado polo Pleno, a Deputación díxonos que era necesario un novo acordo do Pleno.

Non habendo máis intervencións, o Alcalde somete a votación a proposta, sendo aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.

3. RATIFICACIÓN DO ACORDO DE ACEPTACIÓN DAS OBRAS DE INFRAESTRUTURAS RURAIS A INCLUÍR NO PROGRAMA ESTRATÉXICO DE INFRAESTRUTURAS NO MEDIO RURAL (PEIM RURAL 2010).

O Sr. Alcalde da conta da proposta ó Pleno, que, de seguido, se transcribe

“PROPOSTA DA ALCALDÍA Ó PLENO.

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 3 de decembro de 2010 relativo á aceptación das obras de infraestruturas rurais a incluír no Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM rural 2010), que literalmente se transcribe:

“O Concello de Mesía ante a notificación efectuada pola Consellería de Medio Rural, de realizar con cargos aos seus orzamentos as obras de infraestruturas rurais Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM Rural 2010), consistentes na realización das obras denominadas “CAMIÑO EN BUSTO, VISANTOÑA”, “CAMIÑO EN GUDÍN - MESÍA”, “CAMIÑO DE LANZÁ A FACHAS, CUMBRAOS”, cun importe aproximado de 51.649,69 €, por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, manifesta a súa aceptación á execución da mesma en réxime de cooperación, e COMPROMÉTESE:

Primeiro.- *A posta a disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo as obras.*

Segundo.- *A renuncia expresa a reter da achega desa Corporación calquera tipo de tributo con motivo das obras de referencia.*

Terceiro.- *Asumir, unha vez recepcionadas as obras provisionalmente e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a súa explotación, mantemento ou conservación.*



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Cuarto.- *Facultar ó Sr. Alcalde - Presidente para a sinatura do correspondente Convenio de Cooperación.*

Quinto.- *Manifestación expresa do compromiso de que a obra non se someterá a ningunha modificación importante dende a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no referido artigo 72 P1 do Regulamento (C.E.) 1698/2005, de 20 de setembro, que impide modificacións importantes nos cinco anos seguintes:*

- a) Que afecten á súa natureza ou as súas condicións de execución.*
- b) Que resulten, ben dun cambio na natureza do réxime da propiedade dunha determinada infraestrutura, ben da interrupción ou do cambio de localización dunha actividade produtiva.*

Sexto.- *Asumir todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo concello.*

Sétimo.- *Acreditar, antes da adxudicación definitiva das obras e sen prexuízo dos demais requisitos esixidos pola normativa que regula a contratación administrativa, a efectiva dispoñibilidade dos terreos."*

Propoño ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Único.- *Ratificar, por parte do Pleno da Corporación, o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 3 de decembro de 2010.*

En Mesía, a 17 de decembro de 2010. O alcalde, Asdo.: Mariano Iglesias Castro.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen manifesta que, en relación con este Plan, o Estado non liberou as cantidades que tiña que librar pero, en todo caso, a Consellería de Medio Rural díxonos que aportásemos unhos proxectos para incluír neste programa que executan eles e nós simplemente metimos os correspondentes ós tres camiños que se relacionan porque entendemos que son os que máis falta teñen. Neste sentido, teño que dicir que aúñ estamos á espera da execución dos proxectos de 2008, e que me estrana que coa crise que hai a Xunta non fora quén de acadar algunha empresa para executar esas obras, porque dado que esos arranxos están pendentes dende novembro de 2008, imaxínense como pode ser neste momento o estado deses camiños.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde - Presidente, sendo as nove horas e dez minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,